



R, patrocinador do equipo Fundación Celta Integra

- ***A alianza entre a Fundación Celta de Vigo e o operador galego responde á aposta conxunta polos valores da integración social e a deportividade, esenciais para ambas as dúas entidades.***
- ***O director da Fundación Celta e máis o director Corporativo Empresas de R acudiron esta mañá á Cidade Deportiva “Afouteza”, en Mos, para inmortalizar o acordo cunha foto a carón dunha representación reducida do equipo, en resposta aos requirimentos de seguridade da pandemia.***
- ***Este novo convenio dálle percorrido á colaboración entre ambas as dúas entidades, que xa se concretara nun acordo anterior para igualmente subscribir o apoio de R ao equipo Celta Integra, onde xogan persoas do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).***

Martes, 9 de marzo de 2021 .- O director da Fundación Celta, Germán Arteta, e máis o director Corporativo Empresas de R, Isidro Fernández de la Calle, posaron esta mañá xunto a unha mostra restrinxida de xogadores/as do equipo Celta Integra na Cidade Deportiva “Afouteza”, no concello pontevedrés de Mos, para poñer en escena o novo acordo de patrocinio rubricado polo operador galego e máis a entidade do club olívico.

Desta maneira R xa é patrocinador oficial do conxunto Celta Integra que xoga en *LaLiga Genuine* competición de equipos do colectivo D.I (persoas con discapacidade intelectual) organizada por *LaLiga*.

Germán Arteta subliñou que *“o crecemento do Celta Integra é exponencial dende os seus inicios. A evolución das persoas que o compoñen móstrase a través de moitos valores que nos fan sentirnos orgullosos delas como a inclusión, a sociabilidade, a autoconfianza, a puntualidade ou a amizade; valores que están cada vez máis presentes e normalizan as súas vidas. Dende a Fundación Celta temos un compromiso coa sociedade e podemos dicir que esta é a actividade da que nos sentimos máis orgullosos. Sen empresas colaboradoras como R alcanzar eses obxectivos non sería posible. Agradezo en nome da Fundación Celta e do seu Padroado o grande respaldo mostrado, que lles permitirá seguir crecendo como persoas e deportistas aos nosos mozos e mozas dentro dunha sociedade cada vez máis sensible, solidaria e integradora”*.

Isidro Fernández de la Calle, pola súa banda, asegurou que para R *“é unha honra colaborar de novo co equipo Celta Integra, desta volta como patrocinador oficial. Este acordo -engadiu- resume perfectamente a nosa aposta compartida polo deporte, pola integración social e por valores tan importantes coma a deportividade. Non me cabe dúbida de que as persoas que compoñen o Fundación Celta Integra nos van ofrecer aos demais a cara máis enriquecedora do deporte, a que prima a deportividade por enriba da loita e o feito de compartir antes que o de competir. En momentos tan complexos coma os que estamos a vivir, económica e socialmente, parécenos moi importante seguir apoiando iniciativas tan fermosas coma esta e tratar de garantir a súa continuidade”*.

Presenza de marca

Ata o remate da presente tempada 2020-21 de *LaLigaGenuine* a marca R estará presente no equipamento deportivo dos/as xogadores/as e do equipo técnico e máis nas actividades relacionadas co conxunto que desenvolva a Fundación. O logo de R vai figurar igualmente na **web do equipo** Celta Integra e, sempre que as circunstancias sanitarias o permitan, os/as xogadores/as do club vigués disputarán un **partido amistoso** fronte a profesionais de R.

Con este patrocinio a Fundación Celta de Vigo e máis R poñen en común o interese de ambas as dúas entidades por contribuír á mellora constante, o crecemento e a adaptación social do equipo e das persoas que o integran. Así mesmo o operador galego mantén vixente, neste acompañamento ao conxunto Celta Integra, a súa inquietude pola colaboración social para contribuír na mellora de vida dos/as habitantes de Galicia a todos os niveis.

Algo máis que fútbol, *LaLiga Genuine*

O proxecto de *LaLiga Genuine*, que vencella fútbol e integración social, comezou a súa andaina da man de *LaLiga* hai tres tempadas. Trátase dunha competición formada por conxuntos do colectivo DI (persoas con discapacidade intelectual), na que ademais da puntuación polos resultados deportivos, e para que prime a deportividade, todos os clubs contan cunha serie de puntos que premian o xogo limpo. O campionato xógase na modalidade de Fútbol 8 (partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha) e a tempada divídese en 4 fases que se desenvolven en diferentes sedes.

O Club Deportivo Lugo e máis o Deportivo de *LaLiga Genuine* completan o trío galego de equipos no campionato. De feito, **R** patrocina tamén o conxunto coruñés, en resposta ao seu compromiso cos devanditos valores da integración, a solidariedade e a deportividade.

Sobre o Fundación Celta Integra

O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar as escolas da Fundación Celta a persoas con discapacidade intelectual como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol senón conseguir unha mellora individual a nivel social e persoal, ser máis responsables e independentes.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións de Galicia que, xunto con Euskaltel, Telecable e Virgin Telco, forma parte do Grupo Euskaltel. O operador galego ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** investiu ata o momento 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 140 municipios nos que presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas. (R.gal).

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal